

Procedemento: Aprobación regulamento de licenzas.

Solicitante: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Nº Rexistro: F-00822

ANTECEDENTES

1. O 28.06.2021 a Federación Galega de Caza (no sucesivo FGC) solicita a aprobación do regulamento de licenzas e o seu depósito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2. O regulamento de licenzas foi aprobada pola Asemblea Xeral Ordinaria da Federación o 25.06.2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

I. Corresponde ao Secretario Xeral para o Deporte a competencia para resolver este procedemento conforme ao disposto no artigo 17.3 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

II. A solicitude foi presentada dentro do prazo de un mes desde a aprobación do regulamento de licenzas (art. 20 do decreto 85/2014).

III. O regulamento foi aprobado conforme ao disposto nos Estatutos da federación solicitante.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
T 881 996 342
secretaria.deporte@xunta.gal



Por todo o anterior RESOLVO:

Aprobar o regulamento de licenzas da Federación Galega de Caza aprobado na asemblea xeral ordinaria do 25.06.2021. E ordear o seu depósito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
O secretario Xeral para o Deporte
(asinado electronicamente)
José Ramón Lete Lasa.





Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



REGULAMENTO DE LICENZAS



REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación	3
Artigo 2.- Condicións para a obtención da licenza, dereitos, deberes e perda da condición de federado	3-4
Artigo 3.- Clases de licenzas	4-5
Artigo 4.- Duración da licenza	5
Artigo 5.- Licenzas de persoas físicas	5
Artigo 6.- Licenzas de entidades deportivas	5
Artigo 7.- Aseguramento de accidentes deportivos	6
Artigo 8.- Expedición de licenzas	6
Artigo 9.- Tramitación e emisión de licenzas	6-7
Artigo 10.- Anulación de licenzas	7
Artigo 11.- Protección de datos persoais	7-8
Artigo 12.- Importe das licenzas	8
Artigo 13.- Soporte e contido das licenzas	8
Disposición final	8
Anexo I.- Importe dos distintos tipos de licenzas	9
Anexo II.- Modelo de formato de licenzas	10



REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Caza (en diante FGC), co rango de regulamento, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, expresamente contemplado no artigo 5.1. h) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, do 2 de abril.
2. O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da FGC e ás persoas integradas ou que desexan integrarse na mesma.
3. Esta norma ten por obxecto a regulación da licenza federativa autonómica da FGC.
4. Esta norma terá vixencia indefinida, e entrará en vigor na tempada 2022 (con data 1-1-2022), sen prexuízo da súa reforma, se procede, e da súa modificación anual por parte da Asemblea Xeral da FGC dos importes das licenzas contidos no Anexo I deste regulamento.

Artigo 2.- Condicións para a obtención da licenza, dereitos, deberes e perda da condición de federado.

1. A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros da FGC a través dos distintos estamentos.
2. Para a participación en actividades ou competicións oficiais da FGC precísase estar en posesión da licenza federativa expedida por esta.
3. Poderán obter a licenza federativa aquelas persoas físicas e entidades deportivas que presenten a súa solicitude ante a FGC acompañada de copia do xustificante de pagamento da cota e aporten, no caso das persoas físicas, copia do seu DNI ou pasaporte, e no caso das entidades deportivas documento de inscrición do club ou sociedade no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, na modalidade deportiva de Caza, e cumpran e reúnan os demais requisitos esixidos no presente Regulamento.

Non poderán obter a licenza as persoas físicas ou xurídicas que estean inhabilitadas por sanción deportiva disciplinaria firme consistentes na suspensión ou privación da licenza federativa.

4. A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos.

Con carácter xeral, todos os federados da FGC teñen os seguintes dereitos e deberes:

1. Dereitos do federado:

- a) A que lle sexa expedida a licenza federativa sempre e cando reúna os requisitos para a súa expedición.
- b) A participar nas competicións deportivas oficiais e en calquera outra actividade organizada pola federación, sempre que reúna os requisitos establecidos nos Estatutos, regulamentos de aplicación e outra normativa vixente.
- c) A recibir a tutela da federación con respecto aos seus intereses deportivos lexítimos.



- d) A ser elector e eleixible para os órganos de goberno e representación, con arranxo ao disposto nos Estatutos e na normativa electoral vixente en cada momento.
- e) A impugnar, de conformidade coa normativa aplicable, os acordos adoptados polos órganos federativos.
- f) A someter voluntariamente os seus conflitos internos, relativos a cuestións relacionadas coa actividade deportiva, non incluídos no ámbito das potestades delegadas públicas, á conciliación, mediación ou arbitraje da FGC.
- g) A coñecer as actividades da federación no desempeño das súas funcións.
- h) A acceder a todos os servizos e prestacións que a FGC ofrezca en cada momento aos seus federados.

2. Deberes do federado:

- a) Estar en posesión da licenza federativa da FGC e ter aboada a cota correspondente.
- b) Someterse á disciplina deportiva da FGC.
- c) Cumprir os estatutos, regulamentos e demais normativa que sexa de aplicación.
- d) Acatar os acordos adoptados polos órganos federativos.
- e) A dispor, para poder participar en competicións deportivas oficiais da FGC, dun seguro de responsabilidade civil do cazador coas coberturas mínimas que en cada momento esixa a normativa de competicións da FGC.

3. Perda da condición do federado:

A condición de federado perderase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Falecemento ou disolución da entidade deportiva.
- b) Vontade propia.
- c) Por sanción disciplinaria firme consistente na suspensión ou privación de licenza.
- d) Por non renovación da licenza ou falta de pago.
- e) No suposto de entidades, pola baixa no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

- 4. As licenzas expedidas pola FGC habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española de Caza, agás acordo contrario da Asemblea Xeral da FGC.

Artigo 3.- Clases de licenzas.

1. Licenza federativa de persoas físicas:

No seno da FGC existirá unha licenza federativa autonómica para persoas físicas que habilita ao seu titular a participar en actividades ou competicións deportivas oficiais de carácter autonómico e de ámbito territorial superior, agás acordo contrario da Asemblea Xeral da FGC, así como noutro tipo de actividades de carácter non competitivo.

A licenza federativa autonómica de persoas físicas é válida para os estamentos de deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes), sen distinción por idades ou sexo.

As licenzas federativas autonómicas asignaranse aos estamentos anteriores, conforme ao establecido nos Estatutos da FGC.

2. Licenza federativa de entidades deportivas:

A FGC emitirá ás entidades deportivas afiliadas unha licenza federativa que habilita ao club ou sociedade de caza a participar en actividades ou competicións deportivas oficiais de carácter autonómico e de ámbito territorial superior, agás acordo contrario da asemblea da FGC, así como noutro tipo de actividades de carácter non competitivo.

As licenzas federativas autonómicas de entidades deportivas asignaranse ao correspondente estamento de Entidades Deportivas, conforme ao establecido nos Estatutos da FGC.

Artigo 4.- Duración da licenza.

As licenzas terán un período de validez dun ano, a contar dende a data de inicio de cobertura que conste na citada licenza.

Artigo 5.- Licenzas de persoas físicas.

1. Deportistas.

Os deportistas para obter a licenza federativa de persoas físicas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 2.

Esta licenza poderá estar vinculada a unha entidade deportiva federada ou non, neste último caso adscribiranse como “deportistas independentes” figurando no nome do club a denominación “FGC”.

Os deportistas participantes en campionatos oficiais deberán competir polo mesmo club ou sociedade, sempre que se trate dunha mesma especialidade deportiva, durante todas as fases da competición, agás no caso dos “deportistas independentes” que deberán facelo como independentes durante todas as fases.

2. Xuíces e árbitros.

Os xuíces e árbitros da FGC para obter a licenza federativa de persoas físicas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 2 e dispor do correspondente título ou carné expedido pola FGC que o habilite como xuíz ou árbitro de algunha das especialidades deportivas previstas nos Estatutos.

Artigo 6.- Licenzas de entidades deportivas.

A FGC emitirá a licenza federativa de entidades deportivas a aqueles clubs ou seccións deportivas afiliados á FGC e inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na modalidade deportiva de caza.



Artigo 7.- Aseguramento de accidentes deportivos.

1. A licenza federativa para persoas físicas leva implícito o seguro obrigatorio deportivo de accidentes regulado no artigo 28.4 da Lei do Deporte de Galicia, coa cobertura de accidentes deportivos e asistencia sanitaria (danos propios) en competicións ou adestramentos de ámbito autonómico e estatal, así como un seguro complementario para aqueles suposto non cubertos polo seguro obrigatorio deportivo, de aplicación na práctica da caza como actividade deportiva non competitiva, conforme as prestacións establecidas na propia licenza federativa, non sendo en ningún caso acumulativas ambas coberturas.
2. A licenza federativa poderá conlevar ademais das coberturas de accidentes deportivos, un seguro de responsabilidade civil (danos a terceiros) do deportista-cazador cuxas prestacións e capital asegurado variarán en función do "documento único" que se subscriba.

Artigo 8.- Expedición de licenzas.

1. A FGC, na súa condición de delegada no exercicio desta función pública de carácter administrativo, é competente, en réxime de exclusividade, para emitir e tramitar licenzas federativas da modalidade de caza na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.
2. A FGC exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou substitución algunha sen autorización da Administración deportiva autonómica.
3. A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a súa expedición cando o solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

Artigo 9.- Tramitación e emisión de licenzas.

1. As solicitudes de licenza deberán ser formuladas polas persoas interesadas, polos clubs ou asociacións aos que pertencen, ou polos seus representantes legais, achegando a documentación indicada no artigo 2 deste Regulamento acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para cada tipo de licenza, a través da páxina web da FGC ou por calquera outro medio.
2. A solicitude de licenzas federativas poderá formularse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano.
3. No caso de licenzas de persoas físicas solicitadas a través dun club ou sociedade, a FGC remitirá á entidade deportiva, antes de que caduque o período de vixencia, a renovación das súas licenzas.
4. As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscribas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.
5. A tramitación das solicitudes será realizada polo persoal administrativo da FGC.
6. No caso de que a solicitude non cumpra os requisitos esixidos neste regulamento requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.
7. A resolución sobre concesión ou denegación da licenza é competencia do Presidente da FGC.



8. As solicitudes de licenzas deberán ser emitidas ou, no seu caso, denegadas de forma motivada, no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada. No caso de non emitirse a licenza no referido prazo a mesma entenderase outorgada,
9. O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.
10. Contra a denegación da licenza solicitada caberá recurso, no prazo dun mes, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 10.- Anulación de licenzas.

1. Serán causa de anulación das licenzas concedidas:
 - a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
 - b) No caso de licenzas de persoas físicas solicitadas a través dunha entidade deportiva, a devolución das licenzas por parte da entidade cando estas non foran retiradas polos seus socios.
 - c) No caso das licenzas outorgadas por silencio positivo, sempre que a federación acredite que non reunía os requisitos para obtela. Neste suposto e antes de resolver concederáselle ao federado un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.
2. O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia, e na súa tramitación que correrá a cargo do persoal administrativo da FGC, deberá garantirse a audiencia ao interesado por un período de 5 días hábiles.
3. A resolución anulando ou mantendo a eficacia da licenza é competencia do Presidente da FGC, e fronte á mesma caberá recurso no prazo dun mes ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 11.- Protección de datos persoais.

1. A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal.
2. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas, así como de manterlle informado por calquera medio das actividades propias da federación, tales como noticias, campionatos ou eventos do mundo caza.
3. Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.
4. Os federados poderán autorizar a través do boletín de inscrición dos campionatos oficiais, á FGC e aos seus patrocinadores institucionais a gravar ou fotografar, total ou parcialmente, por calquera medio, a súa participación nas referidas competicións, así como a publicar e difundir esta do xeito que a FGC considere oportuno para a promoción da actividade cinexética e deportiva, sen prexuízo

do exercicio por parte do asinante en calquera momento dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade dos seus datos persoais ante a FGC.

Artigo 12.- Importe das licenzas.

1. O importe das licenzas será o fixado para cada anualidade pola Asemblea Xeral da FGC, segundo se recolle no Anexo I do presente regulamento.
2. No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

Artigo 13.- Soporte e contido das licenzas.

1. As licenzas federativas emitiranse en soporte papel ou electrónico.
2. O formato das licenzas federativas é o recolleito no Anexo II do presente regulamento.
3. No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente os seguintes datos:
 - a) O selo, logotipo e denominación da FGC.
 - b) Duración da licenza.
 - c) Nome e apelidos da persoa titular.
 - d) Data de nacemento da persoa titular.
 - e) Entidade deportiva a cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.
 - f) Dereitos federativos. Este contido é substituído pola súa remisión ao artigo 2 do presente Regulamento de Licenzas da FGC.
 - g) As prestacións, o capital asegurado e o importe da prima do seguro obrigatorio deportivo de accidentes e asistencia sanitaria, cando se trate da licenza federativa de persoas físicas.
4. As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

Disposición Final.- Entrada en vigor.


O presente regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da FGC do 25 de xuño de 2021, e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2022.

O PRESIDENTE DA FGC,



Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: José Moure Caneda

ANEXO I

IMPORTES DOS DISTINTOS TIPOS DE LICENZAS PARA A TEMPADA 2021

1. COTA DA LICENZA FEDERATIVA PARA PERSOAS FÍSICAS:

TIPO DE LICENZA FEDERATIVA	CAPITAL ASEGURADO		Cota Autónoma anual (2)	Prima do Seguro anual	Cota RFEC anual	IMPORTE LICENZA
	DANOS PROPIOS (Seguro obrigatorio deportivo de accidentes e asistencia sanitaria (1) e seguro complementario de accidentes do deportista-cazador)	DANOS A TERCEIROS (Seguro obrigatorio, voluntario e defensa xurídica de Responsabilidade civil do deportista-cazador)				
Lic Federativa tipo "P"	42.100,00 €	Non contén RC	18,62 €	6,88 €	2,00 €	27,50 €
Lic Federativa tipo "PS" (só para silvestristas)	42.100,00 €	Non contén RC	17,68 €	2,82 €	2,00 €	22,50 €
Lic Federativa tipo "J" (Doc. Único con coberturas "S" para menores 25 anos)	50.000,00 €	690.151,82 €	25,19 €	19,61 €	2,00 €	46,80 €
Lic Federativa tipo "JP" (Doc. Único con coberturas "PR" para menores 25 anos)	60.000,00 €	1.090.151,82 €	25,96 €	29,04 €	2,00 €	57,00 €
Lic Federativa tipo "N" (Doc. Único)	50.000,00 €	290.151,82 €	25,39 €	19,61 €	2,00 €	47,00 €
Lic Federativa tipo "Q" (Doc. Único)	50.000,00 €	490.151,82 €	27,05 €	24,45 €	2,00 €	53,50 €
Lic Federativa tipo "S" (Doc. Único)	50.000,00 €	690.151,82 €	25,96 €	29,04 €	2,00 €	57,00 €
Lic Federativa tipo "R" (Doc. Único caza sen armas)	50.000,00 €	250.000,00 €	23,65 €	10,95 €	2,00 €	36,60 €
Lic Federativa tipo "PR" (Doc. Único)	60.000,00 €	1.090.151,82 €	28,00 €	41,20 €	2,00 €	71,20 €

(1) O límite de coberturas do seguro obrigatorio deportivo de accidentes é o que se sinala no cadro anterior, agás para os supostos de asistencia médico cirúrxica e sanatorial, farmacéutica e hospitalaria, así como os gastos de próteses que serán de carácter illimitado.

(2) Inclúe a cota da FGC, cota FP e cota/axuda destinada á entidade deportiva.

2. COTA DA LICENZA FEDERATIVA PARA ENTIDADES DEPORTIVAS:

TIPO DE LICENZA FEDERATIVA	Cota Autónoma (anual)	IMPORTE LICENZA
Licenza Federativa ENTIDADES	90,00 €	90,00 €

ANEXO II

MODELO DE FORMATO DE LICENZAS

1. FORMATO DE LICENZA FEDERATIVA PARA PERSOAS FÍSICAS:

LICENZA FEDERATIVA AUTÓNOMICA

MUTUASPORT Avda. Reina Victoria, 72
28004 MADRID
C.I.F. 7-262189-6

Escuela Politécnica B. Lugo P. 10
15187 Santiago de Compostela
2-78-179 de Federación Galega de Caza

CERTIFICADO INDIVIDUAL REGIMIO COLECTIVO - BOLSA DE ADHESIÓN

Tiempo de Seguro: P880 - DOCUMENTO TIPO P
Laborales: ACOPIADAS
Tomador: AUTÓNOMICA DE GALICIA
Assegurado: N° 76666
Emisión: 11/09/2021 08:58:47

Cotas Federativas

Cuota FGD	78,85 €
Coste RFEC	2,00 €
IMPORTE DEL SEGURO	6,98 €
Recibo	6,98 €
Importe Anual	27,50 €

RECAUDOS CCS					
PRIMA TOTAL	C.L.B.A	R. Extraordinarios	IPS*	APM**	Total Recibo
8,78 €	0,01 €	0,13 €	0,46 €	0,50 €	8,88 €

IPS: Impuestos sobre los Primos de Seguros
AFU: Aportación al Fondo Mutuo

EL PRESIDENTE DE MUTUASPORT
Fdo: Xosé María Manchoña López

TOMADOR DEL SEGURO
Fdo: Federación Autónoma de Caza

TEL 24 HORAS 91 737 13 48 | ASISTENCIA MÉDICA concertada en caso de accidente de caza

2. FORMATO DE LICENZA FEDERATIVA PARA ENTIDADES DEPORTIVAS:

LICENZA FEDERATIVA ENTIDADES

*** ESTA LICENZA ACREDITA COMO ENTIDADE FEDERADA Á SOCIEDADE TITULAR DA MESMA**

O Titular desta licenza terá os dereitos e deberes recollidos no art. 2 do Regulamento de Licenzas da FGC

EL PRESIDENTE DA FGC
Fdo: JAVIER BOCUERA DIAZ

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
XUNTA DE GALICIA

CÓDIGO: 151076
SOLICITANTE:
ENDESEDO:
FECHACIÓN:
Nº ATRIBUCIÓN FGC:
Nº REGISTRO ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA:
SALIDA: 09/09/2021 10:11:12/2021

* ESTA LICENZA NON TÁA SUJECTO A OBLIGACIÓN DE PAGO DE COTA ANUAL